



**Resumo para os medios**

## ÍNDICE

1. O Plan Galego das Artes Escénicas
2. As claves
3. Marco integral para as políticas públicas
4. O proceso de elaboración
5. Comisión de seguimento e avaliación
6. Difusión

## 1. O PLAN GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS

O Plan Galego das Artes Escénicas (PGAE), impulsado e coordinado pola Consellaría de Cultura e Deporte, é un dos alicerces do novo modelo de política cultural para Galiza. Tan diverso no seu contido como integrado na súa formulación, define un marco conxunto de actuación que fornecerá as artes escénicas de recursos e ferramentas para o seu posicionamento nun lugar preferente na realidade cultural, social e económica do país.

O PGAE identifica e concreta un total de 83 accións para 17 liñas de traballo, estruturadas á súa vez en cinco eixes directores: o da integración das artes escénicas na vida comunitaria, o da formación e creación artística, o das industrias culturais, o dos mercados e os públicos, e o da proxección exterior. A súa redacción final é o resultado dun proceso participativo de elaboración que se desenvolveu durante o pasado ano 2007 e para o que se contou con máis de 40 representantes de todos os axentes implicados neste ámbito cultural: asociacións empresariais, de traballadores e non profesionais, centros de formación, autores, editores, investigadores, programadores, medios de comunicación, administración autonómica e local, etc.

Trátase, pois, dun plan de todos: do conxunto do Goberno galego, para todas as disciplinas artísticas e de todos os axentes sociais. Liderado pola Consellaría de Cultura, no seu desenvolvemento están involucradas outras cinco consellarías (Innovación e Industria, Economía e Facenda, Educación e Ordenación Universitaria, Traballo, e Vivenda e Solo), así como a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para dar cobertura á totalidade das disciplinas escénicas (teatro de actor e de monicreques, danza, maxia, lírica e novo circo). O PGAE é, ademais, un documento de compromisos, ao que se destina un orzamento de preto de 66 millóns de euros con dotacións e prazos concretos para todas as accións previstas entre 2008 e 2011.

Por primeira vez no conxunto do Estado español, unha administración pública se dota dun instrumento destas características co que se quere saldar, así mesmo, a débeda que a sociedade ten coa escena galega polo seu compromiso na defensa da nosa lingua e da nosa cultura ao longo destes anos.

## 2. AS CLAVES

- O Plan Galego das Artes Escénicas é o resultado dun proceso de varios meses de participación activa e consenso entre os distintos axentes de todos os estamentos públicos e privados implicados no teatro, a danza e demais manifestacións da escena galega.
- É un plan de Goberno. Na súa elaboración, orzamento e aplicación concorren distintos departamentos da Xunta de Galicia.
- Está dotado economicamente e ten un prazo de vixencia: dispón dun total de 65.766.000 euros para as súas accións de 2008 a 2011.
- O PGAE é a folla de ruta estratéxica que guiará o desenvolvemento da escena galega nun camiño alternativo ao proteccionista, que pasa polo incremento substancial dos mecanismo de apoio ao sector, a articulación do mercado, a modernización do tecido produtivo e a mellora na xestión empresarial.
- Este plan está chamado a garantir a existencia dos espectáculos de teatro e danza feitos en Galiza dentro dos contextos xeográfico e cultural globais, mediante a progresiva capitalización, modernización e autonomía dos seus xeitos de produción.
- Estrutúrase en cinco eixes directores:
  1. A promoción da dimensión sociocultural das actividades escénicas.
  2. A consolidación e fomento dos procesos de creación, innovación e formación, así como a posta en valor o patrimonio escénico galego.
  3. A potenciación e promoción das industrias vinculadas ás artes escénicas en Galiza.
  4. A consolidación do mercado das artes escénicas.
  5. A internacionalización das artes escénicas galegas.
- Identifica e marca liñas de traballo claras e concretas, con cadanseus obxectivos e accións, cuantificadas economicamente e deseñadas para ser factibles nos prazos sinalados.
- O Plan Galego das Artes Escénicas, pola súa xénese e características, é un documento pioneiro e sen precedentes en Galiza e en todo o Estado español.

### 3. MARCO INTEGRAL PARA AS POLÍTICAS PÚBLICAS

A partir dos seus cinco grandes eixes directores, o Plan Galego das Artes Escénicas concreta un total de 83 accións agrupadas en 17 liñas de traballo que van desde a incidencia nos elementos estruturais da escena até a formulación de modelos concretos de actuación para abordar todos e cada un dos aspectos que interveñen no desenvolvemento das artes escénicas en Galiza: educación, vertebración territorial e profesional, apoio á creación, innovación artística, formación específica, patrimonio escénico, novas tecnoloxías, mellora empresarial, coordinación de programacións, consumo cultural, presenza exterior, etc.

#### *Eixes estratéxicos, liñas de traballo e dotación económica*

Eixe 1. Promover a dimensión sociocultural das actividades escénicas.

Dotación: 13.300.000 €

- Liña 1. Promover e potenciar as funcións de cohesión sociocomunitaria das artes escénicas en Galiza: 8.250.000
- Liña 2. Potenciar a presenza das artes escénicas no sistema educativo: 1.339.000
- Liña 3. Consolidar un modelo de vertebración territorial dos centros e recursos públicos destinados ás artes escénicas: 2.757.000
- Liña 4. Facilitar o acceso do conxunto da cidadanía á oferta de programacións de artes escénicas: 954.000

Eixe 2. Consolidar e fomentar os procesos de creación, innovación e formación e poñer en valor o patrimonio escénico galego:

Dotación: 3.742.000 €

- Liña 1. Potenciar as estruturas, recursos e redes organizativas de apoio á creación e innovación: 2.607.000
- Liña 2. Poñer en valor o patrimonio escénico galego: 980.000
- Liña 3. Apoiar os procesos de formación artística dos profesionais e axentes do sector das artes escénicas: 155.000

Eixe 3. Potenciar e promover as industrias vinculadas ás artes escénicas en Galiza:

Dotación: 11.071.000 €

- Liña 1. Potenciar e consolidar a capacidade produtiva das empresas de artes escénicas: 9.495.000
- Liña 2. Apoiar os procesos de modernización das empresas e de mellora da xestión, con especial atención ás novas tecnoloxías: 687.000

- Liña 3. Mellorar a situación laboral dos profesionais das artes escénicas: 130.000
- Liña 4. Promover a vertebración do sector, apoiando o asociacionismo profesional, a cooperación entre os axentes produtivos e o diálogo coa Administración: 759.000

**Eixe 4. Consolidar o mercado das artes escénicas:**

Dotación: 23.052.000 €

- Liña 1. Consolidar e coordinar as programacións de artes escénicas das entidades públicas e privadas: 19.455.000
- Liña 2. Aumentar a extensión e profundidade dos consumos culturais: 2.812.000
- Liña 3. Promover a eficiencia e transparencia dos mercados profesionais das artes escénicas: 785.000

**Eixe 5. Promover a internacionalización das artes escénicas galegas:**

Dotación: 14.601.000 €

- Liña 1. Promover a presenza exterior das artes escénicas, como expresión da cultura e identidades galegas: 12.429.000
- Liña 2. Apoiar a presenza do sector escénico nos mercados exteriores: 1.542.000
- Liña 3. Apoiar os procesos de colaboración entre empresas galegas e do resto do Estado e internacionais: 630.000

## 4. O PROCESO DE ELABORACIÓN

A Consellaría de Cultura e Deporte impulsou o deseño participativo do PGAE, que contou para a súa elaboración co concurso de diferentes estamentos públicos e privados implicados nas artes escénicas, co obxectivo de obter un marco consensuado e eficiente para o desenvolvemento do sector nos vindeiros anos.

No proceso de elaboración interviñeron máis de 40 representantes de distintos organismos e empresas: autores, editores, programadores, investigadores, críticos teatrais, asociacións sectoriais, produtoras e distribuidoras, teatro amator, centros de formación escénica, universidades, administración local e autonómica, medios de comunicación, etc. Baixo a dirección dunha unha comisión de coordinación, o seu labor organizouse arredor de catro mesas temáticas:

- Mesa sociocomunitaria.
- Mesa de creación.
- Mesa de industrias culturais.
- Mesa de distribución e promoción exterior.

Este diálogo deu comezo no mes de xuño de 2007, a partir dun borrador previo que foi utilizado como primeiro instrumento de traballo. Nos meses seguintes, avanzouse nas achegas do sector realizadas no marco das reunións de cada una das mesas, até chegar á concreción e definición das accións e liñas de traballo que dan forma ao Plan Galego das Artes Escénicas.

## 5. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Plan Galego das Artes Escénicas disporá dunha Comisión de Seguimento e Avaliación que, integrada por representantes de diferentes entidades implicadas na súa elaboración, terá as seguintes funcións:

- Avaliar o grao de cumprimento e o nivel de execución das accións contempladas no PGAE.
- Analizar os resultados das accións no sector das artes escénicas.
- Contribuír ao deseño das novas políticas.
- Elaborar recomendacións de mellora para garantir unha maior eficiencia e eficacia na execución das accións.

O seu labor estenderase ao longo do período de desenvolvemento do Plan (2008-2011) e estará baseado nun sistema de indicadores de seguimento, que facilitará o control na execución das diferentes accións, ademais da avaliación dos resultados.

A devandita comisión contará con representación de distintos departamentos da Administración autonómica, provincial e local, así como das principais asociacións do sector escénico galego:

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- Consellarías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria, Educación e Ordenación Universitaria, Traballo e Economía e Facenda.
- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
- Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).
- Escena Galega (Asociación de Empresas de Artes Escénicas).
- Asociación Galega de Profesionais da Danza.
- Asociación de Profesionais da Danza Escénica de Galicia.
- Federación Galega de Novo Circo.
- Magos Profesionais de Galicia.
- Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA).

## 6. DIFUSIÓN

### *Identidade visual*

No deseño da imaxe de marca do Plan Galego das Artes Escénicas, apostouse por un logotipo compacto a partir dunha tipografía de trazos sinxelos e rectos, cunha ligazón entre o “g” de Galego e o “e” de Escénicas que quere representar a identidade propia e a diferenciación das artes escénicas galegas. Igualmente, a bolboreta como símbolo nace da unión do “a” e o “e” de artes escénicas, nunha imaxe metafórica do seu cromatismo e espectacularidade, así como do efémero e irrepetible do feito escénico.

### *Campaña de difusión e promoción*

A Consellaría de Cultura e Deporte editou un total de 10.000 exemplares do Plan Galego das Artes Escénicas, tanto en galego como en versión bilingüe (galego e español), co obxectivo de garantir unha ampla divulgación do seu contido. Así, o PGAE será presentado oficialmente en destacados festivais escénicos e feiras da Península e se realizará tamén un envío directo a representantes do sector e demais axentes interesados tanto en Galiza, como no resto do Estado e en Portugal.

Xunto cos profesionais das artes escénicas, a cidadanía –o público afeccionado mailo potencial– é o outro obxectivo prioritario da campaña de difusión do PGAE. Neste sentido, o papel dos medios de información xeral é crucial para facer partícipe a toda a sociedade das medidas e das metas que se perseguen co desenvolvemento dun plan que marca un fito tanto a nivel galego como estatal. Dende esta mesma perspectiva, aproveitaranse tamén as múltiples posibilidades que ofrece a internet na proxección do PGAE a todos os niveis.